

**Manuel Leiras Pulpeiro**

**Basilio Losada**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

LOSADA, BASILIO (2011 [1983]). “Manuel Leiras Pulpeiro”. *Treboada. Revista do Centro Galego de Barcelona*: 7, 3. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/574>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

LOSADA, BASILIO (1983). “Manuel Leiras Pulpeiro”. *Treboada. Revista do Centro Galego de Barcelona*: 7, 3.

\* Edición dispoñíbel desde o 14 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

# Letras galegas·83

## Manuel Leiras Pulpeiro

Dende hai anos -dende a constitución mesma do Día das Letras Galegas- a Real Academia Galega centra as conmemoracións na figura dun escritor. E unha oportunidade pra dalo a coñecer, pra espalla-la súa obra, pra que se publiquen mancheas de artigos nos xornales e se dean conferencias encol da figura eleixida. Dende o punto de vista bibliográfico, é tamén a oportunidade pra reeditar-la súa obra, as veces esquecida, e facela chegar a todos en edicións amplias e correctas.

Hogano é Don Manuel Leiras Pulpeiro o nomeleixido para, arredor del, orgaizar as conmemoracións totalas liturxias deste día. Leiras cumple exactamente cos propósitos que guían a escolma de nomes cimeiros do Día das Letras Galegas: é un escritor pouco coñecido, en certo xeito marxinado, e a súa obra está a pedir unha consideración seria análises meditados e un recoñecemento ca-beato por parte dos lectores.

A obra de Leiras está recollida, na súa totalidade, nunha excelente edición publicada por Galaxia (M. Leiras Pulpeiro, OBRA COMPLETA), cun limiar de X.L. Franco Grande que para mentes de xeito especial nos valores lingüísticos do autor. Porque Leiras é un dos escritores galegos que mellor coñeceron a lingua. O galego purísimo, marxistral, que emprega Leiras é, fundamentalmente, o da súa bisbarra nativa, Mondoñedo. É o galego do Norte de Lugo, o que se fala polas terras de Pastoriza, de Abadín, de Lourenzá, até a Fonsagrada dunha banda, o Valadouro máis ao norte e a cidade de Lugo polo sur. Posiblemente o galego máis fermoso, máis puro e máis ricaz, un galego crásico. Unha lingua matízadísima, cunha inmensa chea de recursos léxicos pra expresar o que é o mundo central desdes terra: o agro e mailo monte, as labours da terra o gando. Lingua de rexo sabor rural, abondosa e espresiva.

Leiras foi un poeta notable. Non foi, xa que logo, nin Rosalía nin os que son cáseque os seus pares -Curros, Pondal e, máis atrás, Lamas- pero entre os que Carballo Calero chama epígonos, os continuadores do Rexurdimento decimonónico, sen dúbida é Leiras o que mellor soupo dar cunha parcela de vida como centro da súa obra de escritos, e cunha linguaxe para plasmala. Lei

ras é o cantor da Mariña luguesa, aínda que non sexa este só o tema capital do seu canto.

Leiras era un home liberal progresista ao xeito do dezanove. Pasou polo seminario, estivo nel un tempo -e aló coñeceu o mundo clásico, aquel Horacio, e máis Virxilio, -tan ben deprendido polos poetas xurdidos do seminario mindoniense- e logo estudou Medicina en Madrid. Foi médico rural, que é mellor xeito de coñecer-la xente do mundo labrego- a xente e a linguaxe, e por riba de todo os seus problemas. E Leiras convírtese nun poeta combativo, crispado, undebelador da inxusticia. Un soñador que emprega as armas dos seus versos soñando cun despertar da Galicia labrega, abafada polos caciques e pola cregaxe. Contra os cregos dispara con especial violencia o seu verbo rebelde, dacordo ca tradición progresista do dezanove, da que Curros é exemplo sobranceiro.

Non é Leiras, evidentemente, un gran poeta. É un profundo dominador da súa lingua comarcal, un home bo, destemido e limpo, que reacciona diante da inxusticia cunha exemplar virulencia. Aínda hai anos lembrábanos vellos de Mondoñedo e da Pastoriza aquel médico xeneroso e loitador que era o espantallo da curia, o demo para os coengos catedralicios, e unha man tendida sempre, cunha ra e amiga, para os labregos da bisbarra. O médico que facía versos. Estes versos foron recollidos nun só libro, Cantares Gallegos, en Mondoñedo, no 1911. Anos despois morto xa Leiras -morreu no 1912. Nacera no 1854- a editora Nos publicou a súa obra completa, da que é reedición a de Galaxia.

Basilio Losada.

MERCADE LIBROS  
GALEGOS